

INSTRUCCIÓN DA SECRETARÍA XERAL Nº 3/2011, DO 18 DE NOVEMBRO DE 2011 SOBRE PLANS DE ESTUDOS EN EXTINCIÓN

Perante as dúbidas xurdidas na interpretación de determinadas cuestións referentes a extinción de plans de estudos, faise conveniente adoptar criterios uniformes para que todos os alumnos dispoñan dunha información unívoca.

Polo anteriormente exposto, esta Secretaría Xeral dita a seguinte Instrución:

PRIMEIRO.- CONVOCATORIAS EN MATERIAS EXTINGUIDAS

O alumnado das materia que se declaren extinguidas disporán de catro convocatorias e seis oportunidades para superar a materia sempre que, antes de que se extinga a materia, non esgotaran o número máximo de convocatorias (7).

Para estes efectos, deberá solicitarse e cumprir cos requisitos esixidos para instar que non se aplique o límite de convocatorias, de conformidade co acordo da Xunta de Goberno de 22 de abril de 1996 e o artigo 3.1 da Convocatoria de matrícula para o curso 2011-12. De estimarse a petición, o alumnado poderá acollerse ao que se establece no artigo 13 na Normativa de Avaliación.

SEGUNDO.- CRITERIOS DE APLICACIÓN DO ARTIGO 13 DA NORMATIVA DE AVALIACIÓN

O Acordo do Consello de Goberno de 14 de maio de 2009 sinala, que no caso de estudantes matriculados nun título en proceso de extinción, aos que lle faltasen por superar materias que estivesen completamente extinguidas “de xeito que non puidesen obter o título oficial correspondente”, deberán adaptarse ás novas ensinanzas. Pola súa banda, a Normativa de Avaliación sinala que o alumnado que esgote as convocatorias e oportunidades indicadas no apartado anterior poderá optar por adaptarse ao novo plan de estudos ou acollerse ao artigo 13 da *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións*.

Deste xeito en tanto non se extinga a totalidade do plan de estudos, e á vista do expediente do alumno e dos informes dos centros, poderase autorizar a realización de ata un máximo de 3 materias ou 18 créditos consonte un plano de Grao, para ser imputadas a un plano en proceso de extinción, sempre que exista equivalencia entre as materias, entendendo neste caso que pola vía de este artigo 13 se pode obter o título oficial correspondente.

Nos casos en que exista imposibilidade de acudir ao precitado artigo 13, o alumnado deberá adaptarse ao plan de estudos de grao.

Para a interpretación deste límite máximo de 3 materias ou 18 créditos consonte un plano de Grao atenderase a situación máis favorable, é dicir, que a suma de tres materias poderá exceder dos 18 créditos.

O alumnado en materias extintas, sempre que teñan equivalencia no plan de estudos de grao e así o soliciten, poderá matricularse das restantes materias non extinguidas ou en proceso de extinción, e non matricularse das extintas ata que reúna os requisitos indicados no citado artigo 13.

A equivalencia entre materias do plan novo e do plan de grao será determinada polo Centro, ou polas táboas de validacións legalmente aprobadas e sempre que sexan da titulación que se extingue ao novo grao.

O disposto no artigo 13 da *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións* poderá utilizarse para superar unha ou varias materias, en un ou varios cursos sucesivos ou alternos, sen que en ningún caso se podan superar en total os 18 créditos ou tres materias.

TERCEIRO.- EFECTOS DA REALIZACIÓN DA OPORTUNIDADE DE RECUPERACIÓN

A realización dunha oportunidade de recuperación para os plans de estudio en proceso de extinción realizada conforme o acordo do Consello de Goberno do 19 de xullo de 2011, posibilitará que, unha vez realizada a cualificación, o alumnado poderá modificar, nun prazo de 15 días, a súa matrícula incluíndo a adaptación ao novo plan ou eliminando a adaptación realizada. A adaptación poderá incluír materias do primeiro

cuadrimestre pero non dará dereito a docencia nin a repetición de probas ou avaliacións realizadas con anterioridade á matrícula.

No caso de superar a recuperación e nos casos nos que o alumnado xa se presentara ás probas de fin de carreira, se procederá a anular de oficio as actas de cualificacións de fin de carreira, pero non dará dereito á devolución dos prezos aboados en concepto de matrícula.

O alumnado que supere a recuperación e como consecuencia desta superación reúna os requisitos para concorrer a fin de carreira, poderá solicitar concorrer a esta convocatoria extraordinaria mediante solicitude dirixida á Unidade de Xestión correspondente que será autorizada, agás que xa se houbera realizado o exame.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2011

A Secretaria Xeral



Lourdes Noya Ferreiro

